

Actividades para proxectos | Inclusión

Secundaria. 12 a 16 anos

Días para compartir

	Educación Secundaria 12 a 16 anos	
	Nivel Baixo	
	Temporalización 17 sesións	
	Socios Máximo socios	4-5

DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

Seleccionanse 5 ou 6 días internacionais (un para cada mes de duración do proxecto) seleccionados na páxina oficial da ONU -<http://www.un.org>-.

Todos os países traballan de maneira conxunta, arredor do día elixido durante ese mes: Significado, obxectivos, problemas, imaxes, vídeos... que se compartirán nunha páxina

do TwinSpace aberta para cada un dos Días Internacionais elixidos. Cada centro socio **crea unha infografía**.

Abriranse **foros** no TwinSpace para cada un dos Días Internacionais, onde os alumnos escribirán as súas reflexións/opiniós.

O resultado será a **creación de marcapáxinas** personalizados cunha imaxe e cunha frase seleccionada por cada alumno, por cada un dos días internacionais tratados; ao final do curso farase unha **Festa Solidaria** e venderanse, coa finalidade de recadar fondos para entregarlle a algunha ONG seleccionada por cada centro escolar no seu país.



OBXECTIVO DA ACTIVIDADE

- Coñecer os **Días Internacionais da ONU**: obxectivos, países membros, principais accións
- Traballar pola solidariedade, pola xustiza social e pola paz en Europa e no mundo
- Coñecer problemas a escala mundial que necesitan unha participación activa e comprometida de todos os cidadáns europeos

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

Fase 1: Preparación

Paso 1. Rexistro

Os docentes rexistran os seus alumnos no TwinSpace do proxecto e gardan o documento coas claves de acceso, que posteriormente lle repartirán individualmente a cada un.



Paso 2. Creación de grupos internacionais

Os docentes organizan os alumnos en equipos internacionais, 2 ou 3 alumnos por país, dependendo do número de países participantes. Recoméndase que non sexan equipos moi numerosos. Máximo 6 alumnos por equipo.

Elabórase unha táboa informativa cos alumnos participantes en cada equipo:

	Equipo 1 Tutor:	Equipo 2 Tutor:	Equipo 3 Tutor:	Equipo 4 Tutor:
Francia	Alumno1 Alumno 2 ...	Alumno1 Alumno 2 ...	Alumno1 Alumno 2 ...	Alumno1 Alumno 2 ...
Turquía	Alumno1 Alumno 2 ...	Alumno1 Alumno 2 ...	Alumno1 Alumno 2 ...	Alumno1 Alumno 2 ...
España	Alumno1 Alumno 2 ...	Alumno1 Alumno 2 ...	Alumno1 Alumno 2 ...	Alumno1 Alumno 2 ...

Cada equipo colabora buscando un material concreto (imaxes, vídeos, problemáticas concretas...) en cada Día Internacional; almacénase o material nas páxinas colaborativas no TwinSpace.

Día internacional 1-----					
	historia	problemas	imagenes	videos	ONG
Equip01					
Equip02					
Equip03					
Equip04					
Equip05					

Día internacional 2-----					
	historia	problemas	imagenes	videos	ONG
Equip01					
Equip02					
Equip03					
Equip04					
Equip05					

Día internacional 3-----					
	historia	problemas	imagenes	videos	ONG
Equip01					
Equip02					
Equip03					
Equip04					
Equip05					

Paso 3. Preparación da páxina principal e subpáxinas para os equipos

Os docentes crean diversas páxinas no TwinSpace para organizar o desenvolvemento do proxecto cos seguintes contidos que posteriormente se poden ampliar:

- Páxina coa **presentación do proxecto** cos obxectivos, coa temporalización, coas actividades que se van realizar, cos países e cos centros escolares participantes
- Páxina coa **táboa dos equipos internacionais** xunto a un docente que exercerá de titor do equipo
 - Unha **subpáxina para cada un** dos equipos internacionais a través da cal se comunicarán e compartirán información.
 - Subirán os seus avatares personalizados. Engadirase unha ligazón ao **Foro do equipo**
- Páxina para cada un dos **Días Internacionais** que hai que traballar
 - **Subpáxina para cada un** dos aspectos concretos que cada equipo vai investigar (Historia, problemas, imaxes, vídeos, ONG...)
- Páxina para as **Infografías**
 - **Subpáxinas para os equipos** e as súas producións
- Páxina para a actividade do **Marcapáxinas de libros**, cun ou varios modelos

- Subpáxinas para os equipos e as súas producións
- Páxina para a “Festa Solidaria” (fotos/vídeos)
 - Subpáxinas para cada centro educativo

Proyecto	
Equipos	
-	Equipo 1
-	Equipo 2
-	Equipo 3
-	Equipo 4
Día Internacional para la Erradicación de la Pobreza, 17 de octubre	
-	Historia y origen
-	Problemáticas
-	Imágenes
-	Videos
-	Asociaciones, ONG
Día Internacional Por la Tolerancia, 16 de noviembre	
-	Historia y origen
-	Problemáticas
-	Imágenes
-	Videos
-	Asociaciones, ONG
Día Internacional por la Paz, 30 de Enero	
-	Historia y origen
-	Problemáticas
-	Imágenes
-	Videos
-	Asociaciones, ONG
Día Internacional de la mujer, 8 de Marzo	
-	Historia y origen
-	Problemáticas
-	Imágenes
-	Videos
-	Asociaciones, ONG
Infografías	
-	Equipo 1
-	Equipo 2
-	Equipo 3
-	Equipo 4
Marca páginas	
-	Equipo 1
-	Equipo 2
-	Equipo 3
-	Equipo 4
Fiesta Solidaria	
-	Escuela 1- ONG
-	Escuela 2-ONG
-	Escuela 3- ONG
-	Escuela 4 -ONG



Paso 4. Preparación dos Foros

- Un **Foro Equipo núm...**, para comunicarse e compartir informacións diversas, e coñecerse
- Un **Foro de (...)** cada un dos **Días Internacionais** para comentar cuestións sobre as súas problemáticas e propoñer solucións

- Un **Foro de Avaliación** final para valorar o desenvolvemento do proxecto e facer propostas de mellora



Paso 5. Preparación de carpetas de Materiais

Os profesores abren carpetas no módulo Materiais do TwinSpace

- Unha carpeta de **Documentos** do proxecto
- Carpetas de **Imaxes** para cada un dos equipos
- Carpeta de **Imaxes para as Infografías** como produtos finais
- Carpetas para os **Marcapáxinas de libros** como produtos finais
- Carpeta de Imaxes para as fotos da **Festa Solidaria**



Fase 2: Desenvolvemento da actividade


Paso 1. Presentación do proxecto e do TwinSpace (3 sesións)

O docente **presenta o proxecto**, e **presentación dos socios**; accédese á páxina web institucional dos centros participantes. Localízanse no mapa os países aos que pertencen.

Preséntase o TwinSpace como espazo de traballo. Os alumnos acceden ao TwinSpace coas súas claves (usuario e contrasinal) repartidas polo profesor, **editan e completan os seus perfís** no TwinSpace e toman contacto co seu equipo.

Accións que realizará cada alumno:

- **Escribir a súa presentación:** localidade, país de nacemento, hobbies, familia, pero ningún dato persoal tal como o teléfono ou o enderezo postal
- **Subir unha foto ao perfil**, ou unha imaxe que o represente
- **Ir á páxina de presentación e coñecer cal é o seu equipo.**
- **Deixarlles mensaxes** aos membros do seu equipo, de maneira positiva e que fomenten a interacción, engadindo palabras ou mensaxes nas súas propias linguas. Pódense utilizar tradutores en liña
- Una vez que el alumno sabe a que equipo pertence, debe **ir á subpáxina do equipo** correspondente, onde traballará a partir de agora



Paso 2. Crear avatares e subilos á subpáxina do seu equipo (1 sesión)

Cada grupo internacional, a través do TwinSpace (mensaxes e chat) comunícanse e comezan a organizarse.

- Cada equipo internacional, para coñecerse mellor, **deseña un avatar personalizado**. Poden utilizar programas como <http://avachara.com/portrait/> ou similar
- **Publícanse os avatares** na subpáxina correspondente a cada equipo
- Os equipos comunícanse a través do **Foro** do seu equipo
- Os profesores **fan fotos** dos equipos de alumnos traballando no proxecto, na aula de ordenadores ou nas aulas traballando coas tabletas, para logo montar un videoreportaxe do que foi o desenvolvemento do proxecto
- Fanse comentarios e entradas no **Diario de Proxecto**

Paso 3. Tras a visita á páxina oficial da ONU, debate inicial

O profesor coordinador presenta a páxina oficial da ONU <http://www.un.org> e búscanse os **Días Internacionais (Celebracións)** que se celebran ao ano e cales son os elixidos para o proxecto. É unha páxina multilingüe que se pode ler en varios idiomas, entre eles o español.

- Ábrese un debate sobre cuestións como:
 - Función e obxectivos da ONU e da celebración de Días Internacionais

- Países membros
- Principais accións no mundo
- Preséntanse os **Días Internacionais** que hai que traballar e a **planificación de tarefas** segundo os equipos



Paso 4. Investigación e recompilación de material por parte dos equipos (3 sesións)

Cada equipo buscará por internet información relativa ao **Día internacional** que lle corresponde a ese mes e irao gardando na subpáxina correspondente. Trátase de levar a cabo un pequeno traballo de investigación, con diferentes fases:

- Cada alumno do equipo conforme á distribución do traballo pactado entre eles **buscará e recompilará** a información atopada por internet.
- Cada membro **investigará sobre:** a historia ou orixe dese Día, problemas aos que se refire, imaxes e vídeos que se refiren a esas problemáticas, asociacións ou ONG que denuncian e propoñen solucións.
- Cada membro **selecciona e garda a información** na subpáxina dese Día Internacional que se refire ao aspecto que estea tratando, segundo a distribución de tarefas
- Vanse facendo **fotografías** dos alumnos investigando que se compartirán no Diario do Proxecto

Paso 5. Creación da infografía

- Cada equipo ten que crear **unha infografía de cada Día internacional** utilizando a información que o resto dos equipos subiu ao TwinSpace. Os alumnos de cada equipo teñen que distribuírse o traballo
- (Cada equipo está formado por alumnos de distintos países, cada país pode facer a infografía dun dos Días Internacionais e subila ao TwinSpace.)
 - A idea é que, en cada un dos Días internacionais que se traten, cada equipo fai 2 tarefas: 1ª/ Busca-selecciona información concreta segundo a táboa de distribución de puntos que se van investigar. 2ª Crea unha infografía, utilizando a información de todos os grupos.

- O resultado é que **cada Equipo cree 4 o 5 infografías**, dependendo dos Días tratados.
- Para facer a infografía poden utilizar programas como [Easel-ly](#) ou [Piktochart](#) que permite inserir imaxes, textos...

Paso 6. Creación do marcapáxinas

- **Cada alumno de cada equipo diseña un marcapáxinas** dalgún dos **Días internacionais** de maneira que en cada equipo existan varios de cada Día.
- Cada equipo ponse de acordo e repártense os Días para que non quede ningún por facer.
- Danse orientacións concretas para a súa elaboración:
 - Medida 5'2 x 14'8
 - Ten que haber: unha imaxe ou frase, nome do centro, o Día Internacional que evoca e a data dese Día
 - Decorado a toda cor polas dúas caras
 - Dixital e impreso /Plastificado
 - O resultado é que **cada Equipo cree tantos marcapáxinas coma alumnos o integran**
- Para iso publícase no TwinSpace, na páxina correspondente, diversos modelos que os alumnos poden copiar ou descargar. Tamén poden buscar os seus propios modelos de acordo coas medidas dadas. Unha vez rematado gárdano en formato JPGE e sóbeno ao TwinSpace.



Paso 7. Preparación da Festa Solidaria

- **Imprímense as infografías e expóñense** no centro educativo. Pódense imprimir tipo cartel ou pódense plastificar
- **Imprímense e plastifícanse os marcapáxinas**
- Acórdase unha **data**, faise un **orçamento** e unha **listaxe de material**. Notifícase á dirección do centro e prepárase a **circular informativa** sobre a festa explicando brevemente o proxecto e a finalidade
- Contáctase coa ONG ou asociación á cal van ir os fondos recadados e invítaselles ao acto

- Todos os centros educativos soben á subpáxina do TwinSpace a información sobre a ONG ou proxecto solidario ao que van destinar os fondos recadados.
- Contáctase con algún xornal local ou co concello da localidade e invítanse ao acto
- Durante a celebración tómanse fotos e grávase en vídeo. E publícase no TwinSpace

Paso 8. Participación no Foro de Avaliación

Fase 3: Recollida de datos e promoción

- Desde o comezo do proxecto fanse públicas as páxinas do TwinSpace coa **información xeral**, cos **equipos**, cos **Días Internacionais**, **coas infografías e cos marcapáxinas**.
- Vaise escribindo o **Diario do proxecto**, contando o seu desenvolvemento en cada centro educativo participante. Cada semana, un alumno de cada país fai un comentario, pode agregar unha foto na que se vexa os alumnos traballando no proxecto.
- **Publícase información sobre o proxecto na páxina web do centro escolar e en redes sociais** como o muro de Facebook do centro /Twitter.
- Inclúese **na web do centro unha ligazón directa ao TwinSpace**
- **Publícanse as infografías e/ou vídeos na televisión (tv) do centro** que informa sobre as actividades que realizaron os diversos departamentos.

PRODUTO(S)/RESULTADO(S) ESPERADO(S)

- **Infografías dixitais e impresas** como carteis
- **Marcapáxinas** personalizados, **dixitais e impresos** e plastificados
- **Festa Solidaria**
- Fotos e **videoreportaxe**
- **Artigo** en prensa dixital e/ou papel

FERRAMENTAS DO TWINSPACE/FERRAMENTAS 2.0 EXTERNAS

- Perfil individual do TwinSpace, páxinas de actividades, foro TwinSpace, Materiais (Carpetas),
- Programas para **deseñar avatares creativos** en liña: [com thinking](#), [snapchat](#)... ou semellante, para engadirilles texto ás imaxes ou fotos
- **Internet**: busca de información e fotos e imaxes dos países dos alumnos.

- Programas para montar unha **Infografía**: [Easel-ly](#), [Picktochart](#), [Creately](#)
- Páxinas con modelos para **Marcapáxinas**: [com/](#)
- Programas para montar **vídeos con fotos** como [com](#), [Photopeach](#), [Magisto](#)... ou similar; e para publicar o vídeo e poder inserilo no TwinSpace <https://www.youtube.com/>, [vimeo](#)
- Facebook, Twitter, Google+... para a difusión

TEMPORALIZACIÓN

- Sesión 1: Presentación **do proxecto e dos socios**.
- Sesión 2: **Repartición das claves de acceso ao TwinSpace. Comézase o Diario do proxecto**.
- Sesión 3: **Completar perfís**, toma de contacto cos membros do equipo.
- Sesión 4: **Creen avatares** de presentación e sóbense ao TwinSpace.
- Por cada un dos **Días Internacionais** que se van tratar:
 - Sesións 5, 6: Cada equipo **busca información, investiga e recompila material do Día Internacional** que se investiga ese mes.
 - Sesións 7, 8: Crea unha **Infografía dixital** coa información buscada e seleccionada. Tómanse fotos das sesións e escríbense entradas no Diario do Proxecto.
 - Sesión 9: Participación no **Foro** dese Día Internacional.
- Sesións 10, 11, 12: Cada equipo **deseña os marcapáxinas**. Sóbense ao TwinSpace.
- Sesión 13: **Imprímense e expóñense as infografías**
- Sesión 14: Cada país **imprime e plastifica todos os marcapáxinas** feitos polos socios.
- Sesión 15: Preparación da “**Festa Solidaria**”.
- Sesión 16: **Exposición das infografías**. Fanse fotos e entrada no Diario do proxecto.
- Sesión 17: Participación no **Foro de Avaliación**.



Servizo Nacional de Apoio eTwinning | Proxectos de Colaboración Escolar en Europa | [Instituto Nacional de Tecnoloxías Educativas e de Formación do Profesorado](#) | [Ministerio de Educación e Formación Profesional](#)

C/ Torrelaguna, 58, 1ª planta, despacho 112. 28027 Madrid Tel.: 913 778 377

[Aviso Legal](#)



Erasmus+

SchoolEducationGateway



INSTITUTO NACIONAL DE
TECNOLOGÍAS EDUCATIVAS Y DE
FORMACIÓN DEL PROFESORADO

